

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A
ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A
CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA DE MONITORIZACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DE
ALOXAMENTOS (SIMADA)
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración para a implantación, difusión e promoción do Sistema de Monitorización e Análise de Datos de Aloxamento (SIMADA) entre os establecementos de aloxamento galegos, mediante o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos que desta actividade se deriven.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

Terceiro.- O Sistema de Monitorización de Datos de Aloxamentos (SIMADA) é unha aplicación web a través da cal, de forma sinxela e intuitiva, os establecementos adheridos poden consultar información relevante para o seu negocio: previsións e datos definitivos de ocupación, prezos medios ou procedencia das visitas.

Neste sentido, contar con datos precisos sobre o que ocorre no mercado é esencial para que as empresas turísticas de aloxamentos tomen decisións empresariais adecuadas, se adapten con rapidez aos cambios no mercado e desenvolvan políticas de xestión e promoción adaptadas ao seu contexto. Por todo o exposto, propónse impulsar e divulgar a ferramenta SIMADA entre os establecementos de aloxamento galegos.

A información resultante visualizada no aplicativo de consulta, tamén será compartida coa Axencia de Turismo de Galicia, coa única restrición de garantir a confidencialidade que se require por parte das empresas. Neste sentido o Cluster entregará á Axencia os accesos para o persoal que determine, cun acceso ao máximo nivel de permisos, de forma que teña sempre a última versión da información manexada. Cumpre indicar que a información sempre se consultará cun certo nivel de agregación (mínimo 5 establecementos) para garantir dita confidencialidade.

Cuarto.- A iniciativa SIMADA responde a varios dos retos que se abordan na Estratexia de Turismo de Galicia 2030:



En primeiro lugar, está directamente relacionada cos desafíos que se recollen na Misión 7. Intelixencia Turística e transformación dixital, ao integrar solucións tecnolóxicas e a xestión dos datos na construción dun sector resiliente, competitivo e innovador.

Tamén está vinculado coa Misión 4. Rendibilidade empresarial e competitividade, xa que SIMADA proporciona datos que son indispensables para o desenvolvemento de políticas de xestión empresarial e para a toma de decisións informadas.

Así mesmo trátase dunha iniciativa coherente cos indicadores de obxectivo definidos na Estratexia, xa que a recompilación de información sobre o mercado impactará directamente no establecemento de tarifas hoteleiras adecuadas e no incremento do gasto medio diario dos turistas

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

